


MEMORIA PLAN VALORA

Educación vial

“Educando en Educación Vial...
aprendemos a nos comportar”



CEIP de Bormoio – Agualada

Curso 2006-2007

ÍNDICE

1. Modificacións da proposta inicial	2
2. Obxectivos xerais	3
3. Contidos xerais	4
4. Obxectivos, contidos e actividades en Educación Infantil.....	5
4.1. Obxectivos xerais	5
4.2. Obxectivos e contidos por áreas.....	5
4.2.1. Área de Identidade e Autonomía Persoal	5
4.2.2. Área do Medio Físico e Social	6
4.2.3. Área de Comunicación e Representación.....	7
4.2.4. Lingua estranxeira: Inglés.....	8
4.3. Actividades	9
5. Obxectivos, contidos e actividades en Educación Primaria.....	12
5.1. Obxectivos xerais	12
5.2. Obxectivos e contidos por áreas.....	12
5.2.1. Área de Educación Artística.....	12
5.2.2. Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.....	14
5.2.3. Áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega	16
5.2.4. Área de Matemáticas.....	18
5.2.5. Área de Educación Física	19
5.2.6. Área de Inglés.....	20
6. Metodoloxía	22
7. Recursos	23
8. Temporalización	24
9. Proceso de avaliación empregado.....	25
9.1. Criterios de avaliación en Educación Infantil	25
9.1.1. Área de Identidade e Autonomía Persoal	25
9.1.2. Área do Medio Físico e Social	26
9.1.3. Área de Comunicación e Representación.....	26
9.1.4. Lingua Estranxeira: Inglés	26
9.2. Criterios de avaliación en Educación Primaria.....	26
9.2.1. Área de Educación Artística.....	26
9.2.2. Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.....	27
9.2.3. Áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega	27
9.2.4. Área de Matemáticas.....	27
9.2.5. Área de Educación Física	27
9.2.5. Área de Inglés.....	27
10. Conclusións: logro e incidencia no centro educativo	26
11. Materiais e/ou recursos elaborados	

1. MODIFICACIÓNS DA PROPOSTA INICIAL

A continuación se expón o grao de cumprimento do proxecto presentado inicialmente:

- En **Educación Infantil**, traballouse o comportamento como usuarios/as do autobús nas 3 áreas presentes no currículo (Decreto 426/91, de 12 de decembro): “Identidade e autonomía persoal”, “Medio físico e social” e “Comunicación e representación”, ademais de inglés, acorde co proxecto que posúe o centro de anticipación da lingua estranxeira. Elaborouse unha maqueta a escala dos arredores do centro escolar, conxuntamente con Educación Primaria, na que se colocaron os diferentes elementos relacionados con ámbito viaria traballados especificamente nesta etapa educativa. Tamén se realizou unha maqueta do corpo humano, así como diferentes sinais. Fixéronse dramatizacións e xogos de simulación. Proxectouse un vídeo no que se explicaban os significados dos sinais de tráfico.
- En **Educación Primaria**, cada ciclo atendeu a un aspecto en concreto: Incidencia no comportamento coma usuarios/as do coche particular (1º ciclo), coma peóns (2º ciclo) e coma usuarios/as da bicicleta (3º ciclo). Fixéronse actividades vinculadas coas diferentes áreas curriculares, marcadas no currículo (Decreto 245/92, de 30 de xullo): Coñecemento do Medio, Educación Física, Educación Artística, Matemáticas, Linguas... En xeral, elaborouse unha maqueta conxuntamente con Educación Infantil, representando os aspectos traballados en cada ciclo, realizáronse fichas, visualizáronse determinados documentos audiovisuais e fixéronse dramatizacións, así como investigacións e buscas sobre o tema en internet.

Por cuestións de tempo e organizativas non se chegou a celebrar o Día da Educación Viaria nin as sesións de contacontos.

2. OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, do alumnado e de toda a comunidade educativa nos valores educativos, sociais e culturais que determinen un profundo interese pola educación viaria.
- Mellorar no alumnado as capacidades de actuación autónoma nas súas actividades habituais, desenvolvendo a iniciativa e confianza en si mesmo/a en relación co uso e utilización das vías públicas, vehículos e medios de transporte.
- Valorar as vantaxes, custos e riscos persoais, sociais e ambientais asociados ao feito do tráfico e da circulación de vehículos.
- Realizar un diagnóstico da situación do centro escolar e do contorno físico da localidade en relación co tráfico e desenvolver hábitos de conciencia cidadá referidos á circulación.
- Favorecer a educación en actitudes e valores asociados á educación viaria.
- Facilitar o intercambio e difusión de experiencias e materiais de educación viaria.
- Integrar os contidos relacionados coa educación viaria no currículo de Educación Infantil e Primaria.
- Concienciarse dos riscos potenciais de sufrir un accidente en situacións escolares e cotiás.
- Coñecer o significado e función dos elementos da vía pública.

3. CONTIDOS XERAIS

- ❑ Normas básicas de circulación dirixidas aos peóns e ao conductor.
- ❑ Comportamento dos peóns nas vías públicas.
- ❑ Pautas de actuación ao utilizar a bicicleta.
- ❑ Condutas aconsellables no bus escolar.
- ❑ O comportamento no coche particular.
- ❑ Accidentes e grupos de risco.
- ❑ Servizos relacionados coa saúde e a seguridade viaria.
- ❑ Medidas de actuación en caso de accidente.
- ❑ Relación do alcohol e outras drogas coa siniestralidade.
- ❑ Nocións de boas prácticas de comportamento viario.
- ❑ Seguridade activa e pasiva.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN INFANTIL

4.1. Obxectivos xerais

- Coñecer e respectar as normas de seguridade básicas para o uso do autobús escolar.
- Identificar os principais compoñentes da vía pública.
- Aprender o significado dos sinais e a súa importancia no uso da vía pública.

4.2. Obxectivos e contidos por áreas

4.2.1. Área de Identidade e Autonomía Persoal.

Obxectivos.

- Tomar conciencia das posibilidades de movemento do corpo.
- Imaxinar os mecanismos que interveñen entre a recepción dun estímulo e a elaboración dunha resposta.
- Relacionar as posibilidades de movemento do corpo humano co comportamento na vía pública.

Contidos.

Conceptos.

- Movemento e esquema corporal: posibilidades e limitacións.
- Proceso estímulo - resposta (visión do autobús-execución do movemento).

Procedementos.

- Observación do propio corpo.
- Imaxinación do proceso interno do movemento.

Actitudes.

- Valoración dos movementos que pode realizar o propio corpo.
- Confianza e concienciación de posibilidades e limitacións de resposta do organismo.
- Precaución cara ás situacións perigosas do ámbito viario con respecto ao corpo.

4.2.2. Área do Medio Físico e Social.

Obxectivos.

- Coñecer o autobús como medio de transporte.
- Adquirir normas de seguridade para un correcto comportamento no autobús: subidas, baixadas, estanza.
- Identificar os principais elementos da vía pública: semáforos, pasos de peóns...
- Adquirir hábitos de comportamento axeitados na vía pública e nos medios de transporte.
- Gozar mediante a observación de imaxes e elaboración de diferentes elementos.
- Relacionar formas determinadas con cores.

Contidos.

Conceptos.

- Normas de seguridade nos medios de transporte: subidas, baixadas, estanza no autobús.
- Tipos de sinais de circulación: verticais, gardas de tráfico, semáforos...
- Elementos da vía pública e relación entre eles: beirarrúa, rúa, rotonda...
- Hábitos de comportamento relacionados co ámbito viario.
- Formas xeométricas e cores en relación co significado viario.

Procedementos.

- Percepción das cores vermella, verde e laranxa.
- Elaboración de maquetas viais.
- Simulación de diferentes situacións viais na aula e exteriores.
- Clasificacións de distintas formas xeométricas e cores.
- Realización de carteis informativos dos conceptos traballados.

Actitudes.

- Interese polas explicacións dos outros/as.
- Actitude de curiosidade en relación coas informacións que se reciben.
- Respecto polas normas de comportamento en medios de transporte públicos.
- Cumprimento dos sinais de circulación.

4.2.3. Área de Comunicación e Representación.

Obxectivos.

- Identificar as formas xeométricas e coñecer as cores que compoñen os sinais e o seu significado.
- Realizar traducións dunha linguaxe a outra (da oral á plástica e á escrita).
- Desenvolver a aprendizaxe da lecto-escritura.
- Incrementar o vocabulario relacionado coa vía pública.

Contidos.

Conceptos.

- Formas xeométricas: círculo, triángulo e rectángulo.
- Os sinais.
- As cores: azul, vermello, branco, verde e laranxa.
- Diferentes linguaxes: oral, plástico e escrito.
- Lectura, escritura e vocabulario.

Procedementos.

- Elaboración de maquetas e carteis.
- Conversación relativa ao tema.
- Observación do ámbito viario: semáforos, sinais, vehículos...
- Clasificación atendendo a criterios dados.
- Expresión en distintas linguaxes: plástica, oral, escrita,...
- Manipulación de diferentes obxectos.

Actitudes.

- Gusto pola aprendizaxe de linguaxes de comunicación variadas.
- Gozo cos traballos plásticos realizados.
- Interese por observar os elementos do ámbito e a interacción entre eles.
- Satisfacción pola interpretación e creación de símbolos.
- Curiosidade por descubrir as características dos obxectos relacionados co ámbito viario.

4.2.4. Lingua Estranxeira: Inglés.

Obxectivos.

- Identificar en inglés os principais compoñentes da vía pública.
- Recoñecer as cores básicas (red, blue, white, green and yellow) así como o seu significado e función na vía pública.
- Entender noutra lingua a respectar as normas de seguridade básicas para o uso do autobús escolar.
- Adquirir as normas de comportamento fundamentais para a mellora da seguridade como usuarios da vía pública.
- Tomar conciencia da importancia polo respecto ás normas de seguridade viaria.
- Aprender o significado dos diferentes sinais e a súa importancia no uso da vía pública, así como a clasificación segundo a súa forma.

Contidos.

Conceptos.

- Colours.
- Numbers.
- Vocabulary.

Procedementos.

- Observación dos elementos presentes nas estradas (semáforos, sinais...).
- Participación en xogos relacionados con dita observación.
- Percepción das cores.
- Simulación de diferentes situacións vias na aula e no ordenador.
- Clasificacións de distintas formas xeométricas e cores.


Actitudes.

- Precaución ante as situacións perigosas do entorno viario.
- Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Interese pola participación nos xogos.
- Actitude de curiosidade en relación coas informacións que se reciben.
- Coidado dos elementos do entorno.
- Respecto polas normas de comportamento en medios de transporte públicos.
- Cumprimento das normas preestablecidas por eles.
- Gusto pola aprendizaxe do vocabulario en inglés.

4.3. Actividades


Elaboración dunha maqueta da vía pública.

- ✓ Realizouse con plastilina, papel, cartolina, témpera, pallas... sobre a vía pública con diversos elementos: rúa, beirarrúa, rotonda, algúns sinais, peóns, paso de peóns, semáforos, coches, autobús...
- ✓ Conversouse sobre a maqueta e comentouse o significado de cada elemento.
- ✓ Contestáronse as seguintes preguntas: ¿Por onde debemos cruzar a rúa?, ¿Como se chaman as liñas polas que hai que cruzar a rúa?, ¿Cal é o traballo dos gardas de tráfico? ¿Para que serven os semáforos? ¿E as rúas?...



Elaboración dunha maqueta do corpo humano.

- ✓ Falouse sobre como imaxinamos o que sucede no noso corpo dende que se aprecian determinados estímulos externos ata que se produce unha resposta por parte do organismo.
- ✓ Realizáronse debuxos sobre como se imaxinan os alumnos/as interiormente.
- ✓ Finalmente elaborouse a maqueta.



Realización de dramatizacións e xogos de simulación.

- ✓ Traballo con sinais de tráfico.
- ✓ Realización dunha saída á rúa para observar os feitos máis significativos que se producen nesta. Un deles é o tráfico. Aproveitouse a saída para



sinalar as normas elementais da seguridade vial.

- ✓ Posta en práctica dun circuío pola clase coas cadeiras, mesas... Desempeñáronse papeis diversos: coches, policíaas que dirixen o tráfico, semáforos, peóns...

Tradución a diferentes linguaxes.

- ✓ Conversación acerca do comportamento no autobús e a elaboración de normas xustificando a súa definición.
- ✓ Realización dun debuxo dos elementos que compoñen a vía pública.
- ✓ Explicación do significado que teñen os sinais de tráfico referentes a: stop, perigo de presenza de nenos, prohibido o paso de vehículos e peóns, paso de peóns, parada de autobús, etc. Identificación das formas xeométricas que teñen os sinais: circulares, cadradas, triangulares...



Clasificacións e traballo matemático.

- ✓ Clasificación dos sinais segundo a forma: cadrado, triángulo, círculo.

Realización de fichas.

- ✓ Resposta a exercicios propostos nas fichas con relación aos contidos e obxectivos que se pretenden acadar.

Participación en cancións.

- ✓ Posta en práctica de cancións relacionadas coa educación vial.

We go to the bus

(with the music of the wheels on the bus)

We go to the bus
in a perfect line
a perfect line
a perfect line
we go to the bus
in a perfect line
everyday when we go to school.

Traffic lights

When you walk on the street
look to the traffic light, look to the traffic light
if it's green: go, go, go
look to the traffic light, look to the traffic light
if it's yellow: pay attention, pay attention
look to the traffic light, look to the traffic light
if it's red: stop, stop stop.

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN PRIMARIA

5.1. Obxectivos xerais

- Coñecer e respectar as normas de seguridade básicas para o uso do autobús escolar.
- Aprender e respectar as normas de conduta que se deben cumprir nun automóbil (1º ciclo).
- Aprender e respectar as normas de conduta que se deben cumprir como peóns (2º ciclo).
- Entender que os peóns son os elementos máis débiles de todos os que interveñen na circulación (2º ciclo).
- Coñecer as normas básicas de utilización da bicicleta (3º ciclo).
- Adquirir os hábitos de comportamento máis importantes para unha correcta circulación coa bicicleta pola vía pública (3º ciclo).
- Concienciarse da importancia que ten o cumprimento dos sinais de tráfico para evitar accidentes.
- Comprender e aplicar as pautas básicas de actuación ante un accidente.
- Identificar os principais compoñentes da vía pública.
- Aprender o significado dos diferentes sinais e a súa importancia no uso da vía pública.

5.2. Obxectivos e contidos por áreas

5.2.1. Área de Educación Artística.

Obxectivos.

- Elixir e utilizar o material axeitado para a construción de diversos obxectos: sinais de tráfico, edificios, material urbano...
- Aplicar os coñecementos artísticos á observación das características máis destacables dos obxectos e situacións da realidade cotiá como usuarios da vía pública.

- Observar as formas naturais e artificiais do ámbito que se refiren á educación viaria (sinais horizontais, verticais,...).
- Distinguir os principais tipos de sinais pola súa cor e a súa forma especialmente aquelas que afectan máis como usuarios da vía pública.
- Utilizar as cores dos sinais nas súas composicións plásticas.

Contidos.

Conceptos.

- Os sinais de tráfico: formas e tipos.
- Técnicas plásticas: debuxo, recorte, pegado, pintura, construción e modelado.
- Forma e cor nas imaxes.
- Proceso de creación plástica.

Procedementos.

- Debuxo e construción en papel, con plastilina e outros materiais, de sinais de tráfico, espazos e lugares públicos.
- Exploración de materiais e técnicas plásticas con fins estéticos.
- Elaboración de imaxes bidimensionais e tridimensionais para representar a realidade.
- Realización de formas e obxectos utilizando técnicas básicas de debuxo.
- Observación guiada de imaxes e obxectos do ámbito.

Actitudes.

- Valoración dos sons como transmisores de mensaxes.
- Respecto polas creacións artísticas propias e dos compañeiros/as.
- Interese pola observación e exploración de obxectos e materiais propios do seu ámbito relacionados coa educación vial.

Actividades.

Técnicas plásticas.

- ✓ Debuxo nun papel continuo branco, de grandes dimensións, dos elementos máis representativos dunha cidade. Pintado destes.
- ✓ Construción de sinais e demais obxectos que compoñen o mobiliario exterior: semáforo, caixa de correo, banco, farol, fonte, ...



Realización de fichas.

- ✓ Debuxo das tres formas xeométricas básicas referidas a sinais: redonda, triangular e cadrada. Asociación das súas cores coas formas e mensaxes que transmite.



5.2.2. Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

Obxectivos.

- Aprender o nome, os elementos e a utilidade de edificios e espazos públicos.
- Mostrar un comportamento axeitado en calquera situación viaria.
- Identificar os elementos dunha rúa.
- Distinguir e coñecer os lugares apropiados para a circulación dos peóns pola vía pública.
- Elaborar un conxunto de normas de comportamento a seguir como usuarios da vía pública.
- Valorar o uso do casco na bicicleta e demais normas de seguridade na vía pública.
- Diferenciar a información proporcionada polos sinais de tráfico.

Contidos.

Conceptos.

- Lugares públicos relacionados co ámbito viario aos que pode acceder o alumnado.
- Medios de transporte máis comúns nas vías públicas.
- Sinais de tráfico: de prohibición, perigo, información...
- Educación viaria en ámbito urbano e rural.
- Medidas de seguridade na bicicleta: uso do casco, sinalización de manobras...

Procedementos.

- Relación do medio de transporte co profesional que o manexa, co lugar de onde parte, e co lugar a onde chega.
- Asociación das vías e espazos públicos co seu uso.
- Enumeración dos profesionais que axudan a coidar a rúa, basicamente os relacionados coa circulación e os seus perigos.
- Elaboración dun listado das normas de comportamento básicas como usuarios da vía pública.
- Aprendizaxe das medidas de seguridade mínimas na vía pública.

Actitudes.

- Valoración da importancia dos medios de transporte na vida das persoas.
- Gusto polo cumprimento das normas.
- Apreciación do labor dos profesionais que traballan en aspectos relacionados coa educación viaria.
- Interese pola posta en práctica dun bo comportamento viario.

Actividades.

Realización de fichas.

- ✓ Clasificación de sinais segundo sexan de información, de perigo ou de obriga.
- ✓ Realización de oracións con palabras estudadas anteriormente e relacionadas coa educación vial.
- ✓ Elaboración de pautas de actuación aconsellables no comportamento vial.
- ✓ Verificación de coñecementos sobre medios de transporte terrestres, aéreos e marítimos.



Realización de simulacións.

- ✓ Simulacros "reais" na aula onde se reflictan os diferentes comportamentos a seguir dentro dun turismo. Valoración dos máis axeitados para a prevención de accidentes.
- ✓ Simulacros sobre a maqueta construída na área de Educación Artística ou sobre un circuío deseñado no ámbito do centro:



circulación de automóviles e peóns, respecto aos sinais en xeral, identificación de edificios públicos...

Traballo de investigación.

- ✓ Búscase información en soporte informático sobre as normas de comportamento relacionadas cunha correcta circulación en bicicleta.
- ✓ Indágase sobre a incidencia de certas lesións producidas no organismo ao circular en bicicleta e coméntanse as máis importantes.
- ✓ Búscanse diversos sinais de circulación en documentos escritos e informáticos e expóñense e explican as máis usuais.



Visualización dun documento audiovisual.

- ✓ Proxéctase no salón de actos un vídeo informativo sobre as normas de circulación pola vía pública, publicado pola editorial "A Nosa Terra", titulado "Educación Vial".
- ✓ Realízanse comentarios e debate acerca deste.

5.2.3. Áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega.

Obxectivos.

- Ampliar o vocabulario relativo ás normas de tráfico e sinais de circulación.
- Utilizar na linguaxe habitual palabras relacionadas con oficios e profesións vinculadas ao transporte e aos edificios públicos.
- Relacionar o vocabulario referente aos aspectos importantes da educación viaria coa idea a transmitir.

Contidos.

Conceptos.

- Obxectos do mobiliario urbano.

- Pautas de actuación a respectar dentro do automóbil e outros medios de locomoción.
- Edificios e espazos públicos.

Procedementos.

- Recoñecemento, lectura e escritura dos nomes dalgúns vehículos.
- Identificación e descrición de distintas profesións públicas.
- Observación e enumeración de obxectos do mobiliario urbano.
- Diferenciación de comportamentos correctos e incorrectos no automóbil e demais medios de locomoción.

Actitudes.

- Coidado do ámbito próximo.
- Valoración do traballo que desempeñan os profesionais dos servizos públicos.
- Interese por coñecer os sinais e normas de educación viaria.
- Respecto polas normas de convivencia.

Actividades.

Realización de fichas.

- ✓ Explícase, tras a observación dun semáforo, que actuación se debe levar a cabo en cada caso: pasar, cruzar, esperar...
- ✓ Explícanse os sinais máis significativos para eles/as como usuarios da vía pública.
- ✓ Complétanse textos con palabras relacionadas coa educación vial.
- ✓ Escríbense e unen imaxes coa súa correspondente grafía.



Traballo oral e escrito.

- ✓ Xustifícase o comportamento que se ten que seguir, tanto nos medios de locomoción coma nos lugares públicos. No caso concreto do vehículo utilitario elabóranse as pautas de comportamento.
- ✓ Redáctanse poemas e adiviñas que teñan



que ver co vocabulario proposto.

- ✓ Realízanse ditados que conteñan palabras das estudadas no "banco".

5.2.4. Área de Matemáticas.

Obxectivos.

- Recoñecer as formas xeométricas dos sinais de tráfico.
- Identificar nocións espaciais básicas: dereita- esquerda; horizontal-vertical,...
- Coñecer os xiros á dereita e á esquerda.

Contidos.

Conceptos.

- Rotación dunha figura plana.
- Xiros cara a distintas direccións: dereita, esquerda...
- Formas xeométricas dos sinais de tráfico.

Procedementos.

- Realización das formas xeométricas fundamentais.
- Vivenciación de xiros á dereita e á esquerda ao desprazarse.
- Trazado de liñas rectas e curvas.
- Identificación de xiros a dereita e esquerda dunha figura plana.

Actitudes.

- Valoración da importancia da aplicación das nocións espaciais na vida cotiá.
- Curiosidade por recoñecer as formas xeométricas nos sinais de tráfico.

Actividades.

Realización de fichas.

- ✓ Explícase, tras a observación de varios sinais de tráfico, a súa forma xeométrica.
- ✓ Relaciónase a forma dos sinais coa cor alusiva a cada unha das súas funcións.
- ✓ Realízanse series de figuras relacionadas con formas, cores... enmarcándoas nun ámbito vial. Obsérvase o lado cara ao que xiran.



5.2.5. Área de Educación Física.

Obxectivos.

- Favorecer a adquisición de hábitos relacionados coa prevención de accidentes na utilización da vía pública.
- Realizar simulacións que favorezan un mellor comportamento viario.
- Coñecer as pautas básicas de actuación fronte a un suceso relacionado co tráfico.
- Motivar cara ao cumprimento dos sinais e normas de circulación.

Contidos.

Conceptos.

- Sinais e normas de circulación.
- Comportamentos axeitados e inadecuados na vía pública.
- Dramatizacións, actuación e simulacións.

Procedementos.

- Adopción dos roles que corresponda desempeñar dentro do grupo.
- Realización de xogos de simulación e dramatizacións nos que se dean condutas axeitadas e inadecuadas en materia viaria.
- Vivenciación de situacións variadas en relación con actitudes viarias.
- Aprendizaxe dos sinais básicos.

Actitudes.

- Actitude de colaboración e participación nas actividades propostas.
- Aceptación do rol que corresponda asumir como participante.
- Valoración da necesidade dun bo comportamento como peón.

Actividades.

Traballo teórico.

- ✓ Explícanse as medidas básicas de seguridade que hai que adoptar ao ser peóns na vía pública: respecto dos semáforos e demais sinais, cruzamento polos pasos de peóns, circulación pola beirarrúa, etc.
- ✓ Enuméranse condutas axeitadas e



inadecuadas, así como as posibles consecuencias derivadas destas: atropelos, accidentes...

- ✓ Expóñense brevemente algunhas actuacións aconsellables en caso de accidente.
- ✓ Danse unhas nocións básicas sobre primeiros auxilios: chamada aos servizos de socorro ("112"), etc.

Traballo práctico.

- ✓ Realízanse simulacións individuais do comportamento como peón.
- ✓ Lévanse á práctica simulacións grupais en materia vial, os comportamentos a adoptar, as consecuencias, os roles diferenciados, etc.



5.2.6. Área de Inglés.

Obxectivos.

- Coñecer os medios de transporte o compoñentes da vía pública en inglés.
- Entender as normas de conducta que se deben cumprir nos distintos medios de transporte estudados no idioma inglés.
- Entender noutra lingua a respectar as normas de seguridade básicas tanto coma peón como no uso do auto particular ou a bicicleta.
- Tomar conciencia da importancia polo respecto ás normas de seguridade viaria.
- Integrar os contidos relacionados coa Educación Viaria dentro do currículo da lingua inglesa.

Contidos.

Conceptos.

- Cores e números.
- Nocións espaciais básicas: dereita-esquerda, horizontal-vertical...
- Vocabulario relativo a educación viaria.
- Lugares públicos e transportes: clasificacións, verbos, profesións...

Procedementos.

- Observación de elementos presentes nas estradas e nos edificios públicos.
- Simulación de diferentes situacións viais na aula e no ordenador.
- Recoñecemento, lectura e escritura do vocabulario estudado.
- Diferenciación de conductas viales adecuadas e inadecuadas.

Actitudes.

- Precaución ante as situacións perigosas do entorno viario.
- Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Interese pola participación nos xogos e no visionado.
- Respecto polas normas de comportamento en medios de transporte públicos, privados ou coma peóns.
- Gusto pola aprendizaxe do vocabulario en inglés.

Actividades.

Realización de fichas.

- ✓ Explícase, tras a observación de varios sinais de tráfico, a súa forma xeométrica.
- ✓ Relaciónase a forma dos sinais coa cor alusiva a cada unha das súas funcións.

Realización de dramatizacións e xogos de simulación.

- ✓ Traballo con sinais de tráfico.
- ✓ Realización dunha saída á rúa para observar os feitos máis significativos que se producen nesta

Outros traballos.

- ✓ Participación en cancións, chants.
- ✓ Visionado da presentación de PowerPoint.

6. METODOLOXÍA

Para definir a metodoloxía utilizada en poucas palabras, cabe dicir que foi flexible, activa, participativa, integradora e que estivo baseada no **proceso** por enriba do resultado. Predominou a utilización de estratexias non directivistas.

Partiuse dos **coñecementos previos** dos nenos e nenas (que se constataron por medio das conversacións mantidas en clase, das fichas ou debuxos que se realizaron sobre o tema...). A través das actividades, o neno/a converteuse en construtor/a do seu propio pensamento (interiorizando e vivenciando cada unha delas a través de dramatizacións, manipulacións, xogos..., partindo do concreto cara ao abstracto), para poder así modificar os seus esquemas mentais orixinais e evolucionar cara a un nivel de coñecemento superior que lle permite **extrapolar todo o aprendido** ao seu comportamento na **vida diaria** como usuario/a da vía pública.

A elaboración da maqueta contribuíu a visualizar tridimensionalmente o corpo humano, a rúa e os seus compoñentes, ao tempo que favoreceu a interacción do alumno/a con todos os elementos e a posibilidade de observar e **resolver distintas situacións** que, de non dispoñer destas, sería máis dificultoso representar.

Unha intencionalidade semellante tivo a realización de carteis, coa que se pretendeu deixar plasmadas graficamente aquelas actitudes que se buscaba interiorizar.

En definitiva, buscouse que o neno/a fose o principal **protagonista** das súas aprendizaxes e o profesor/a un simple fío condutor destas, que vai facilitando as situacións axeitadas que favorezan a evolución dun estadio cognitivo a outro máis avanzado.

Priorizáronse as **aprendizaxes significativas**. Segundo Ausubel, estas aprendizaxes son máis resistentes ao esquecemento e favorecen a transferencia, ademais de organizarse xerárquica e lóxicamente na estrutura cognitiva da persoa.

Facilitouse a **interacción** entre os alumnos/as, estimulando unha aprendizaxe cooperativa onde se deron todo tipo de agrupamentos.

Intentáronse desenvolver todas as **capacidades** dos alumnos/as: psicomotrices, afectivas, cognitivo-lingüísticas, de relación interpersonal e de adaptación e inserción social.

7. RECURSOS

Os recursos materiais que se utilizaron para a realización deste proxecto son os seguintes:

- **Elaboración da maqueta:** Precisouse unha prancha grande para facer a base, así coma pinturas, plastilina, cartolinas, pegamento, cartón, material de carpintería...
- **Construción dos sinais:** Fixéronse en madeira e cartón. Ademais diso, utilizáronse cartolinas, pegamento, pintura, forro de pegar... e material diverso de carpintería.
- **Realización de carteis:** Elaborouse un cartel por ciclo para representar as normas a respectar en función do contido traballado; para estes carteis usouse un programa informático e posteriormente leváronse a imprimir a unha empresa especializada no tema. Ademais, elaborándose outros carteis/murais.
- **Proxección de documentos audiovisuais:** A Dirección Xeral de Tráfico aportou ao centro escolar diverso material impreso e audiovisual para a súa utilización nas aulas.

8. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización foi a seguinte:

- ⇒ **1º trimestre:** Houbo unha posta en contacto cos organismos que podían axudar na aplicación do traballo: *Centro de Formación e Recursos, Dirección Xeral de Tráfico* e *RACC (Automóbil Club)*. Fixéronse reunións entre o profesorado implicado para decidir as posibilidades de actuación en cada unha das etapas, ciclos e áreas.
- ⇒ **2º trimestre:** Decidíronse os contidos a introducir nas áreas e buscouse información sobre aspectos relativos á educación vial que foran de interese para a súa aplicación nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, elaborando fichas e documentos para levalos á aula no terceiro trimestre. Ademais diso, varios docentes do centro escolar asistiron a unhas xornadas a Santiago sobre o plan VALORA, que duraron dous días.
- ⇒ **3º trimestre:** Neste trimestre levouse a cabo a maior aplicación do proxecto, coas seguintes actividades.
 - O profesorado do centro escolar recibiu un módulo de formación sobre primeiros auxilios e pautas de actuación en caso de accidente, co fin de transmitir estes coñecementos ao alumnado.
 - Concretouse co RACC un módulo de formación para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. O persoal de dito organismo veu polo centro a dar unha charla e unhas pautas de actuación para aplicar unhas actividades, as cales se avaliaron 15 días despois.
 - Proxectáronse documentos audiovisuais cedidos pola *Dirección General de Tráfico* e relacionados cos aspectos traballados en cada un dos ciclos e etapas.
 - Cada curso elaborou un sinal de tráfico adaptado ás necesidades do centro escolar (non correr polas escaleiras, non berrar...), pero respectando o sentido dos sinais convencionais (perigo, información...). Ditos sinais colocáronse en varias zonas do colexio.
 - Todos os alumnos/as realizaron unha maqueta a escala do contorno no que se enmarca o colexio, facendo fincapé nos contidos traballados en cada ciclo: comportamento no autobús, no coche particular, como peóns e na bicicleta.

9. PROCESO DE AVALIACIÓN EMPREGADO

A avaliación foi continua e formativa, no sentido de que proporcionou aos profesores/as unha información permanente que axudou a modificar ou reorientar o proceso de ensino-aprendizaxe, detectando os problemas no preciso momento en que se presentaron.

Constaba de tres partes:

- ✓ **Avaliación inicial:** Nela constátanse os coñecementos previos do alumno/a mediante conversacións, debuxos sobre o tema tratado, fichas...
- ✓ **Avaliación continua / formativa:** Realizouse ao longo do desenvolvemento da programación elaborada e abrangue tanto a metodoloxía utilizada como as actividades efectuadas e as aprendizaxes adquiridas. Levouse a cabo mediante a observación directa, tomando nota das dificultades detectadas. Tamén se fixo uso das listas de control, que se elaboraron tendo en conta os obxectivos que se querían alcanzar.
- ✓ **Avaliación final:** O seu fin é descubrir a consecución dos obxectivos propostos, para o cal serviron as maquetas, as fichas...

9.1. Criterios de avaliación en Educación Infantil

9.1.1. Área de Identidade e Autonomía Persoal.

- ❖ Aceptar normas de comportamento.
- ❖ Coidar os instrumentos empregados nas realizacións plásticas.
- ❖ Establecer relación entre as diferentes partes do seu organismo que interveñen no proceso de estímulo-resposta.
- ❖ Identificar na maqueta algúns dos elementos corporais que interveñen na elaboración dunha resposta motora.
- ❖ Tomar conciencia dos perigos da vía pública.

9.1.2. Área do Medio Físico e Social.

- ❖ Recoñecer normas de seguridade viaria: pasos de peóns, cores de semáforo, sinais...
- ❖ Identificar elementos do mobiliario urbano: farois, semáforos, sinais...
- ❖ Relacionar traballos co servizo que prestan á comunidade: garda de tráfico.
- ❖ Distinguir elementos que compoñen a vía pública: beirarrúas, rúas, semáforos...
- ❖ Coñecer as normas de subida, baixada e estanza no autobús.

9.1.3. Área de Comunicación e Representación.

- ❖ Representar distintas formas xeométricas: cadrado, círculo e triángulo.
- ❖ Agrupar obxectos segundo criterios dados.
- ❖ Traducir a información a distintas linguaxes.
- ❖ Asociar a forma do sinal ao seu significado.
- ❖ Ler e escribir algunhas palabras.

9.1.4. Lingua estranxeira: Inglés.

- ❖ Participar activamente nas tarefas propostas.
- ❖ Obedecer as ordes básicas.
- ❖ Realización das fichas que se propoñen.
- ❖ Asociar a forma dos sinais co seu nome en inglés.

9.2. Criterios de avaliación en Educación Primaria

9.2.1. Área de Educación Artística.

- ❖ Realizar con plastilina e outros materiais figuras relacionadas coa educación viaria (semáforos, edificios públicos, sinais, automóbiles...).
- ❖ Elaborar conxuntamente unha maqueta dunha cidade.
- ❖ Mellorar determinadas habilidades instrumentais: recortado, pegado...
- ❖ Utilizar de forma creativa materiais diversos a partir de referencias gráficas.
- ❖ Comprender procesos de traballo común e colaborar cos compañeiros/as.

9.2.2. Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

- ❖ Recoñecer e comprender a utilidade de medios de transporte habituais (individuais e colectivos), así como o medio físico polo que se desprazan.
- ❖ Comprender a utilidade de respectar as normas de circulación.
- ❖ Identificar as partes e lugares principais dunha vía pública.
- ❖ Coñecer os principais accidentes derivados dun mal uso da bicicleta.
- ❖ Diferenciar comportamentos axeitados e inadecuados na vía pública.
- ❖ Identificar as funcións e mensaxes dos sinais de tráfico.
- ❖ Concienciar da importancia do respecto polos demais usuarios da vía pública.

9.2.3. Áreas de Lingua Castelá e Lingua Galega.

- ❖ Comportarse con educación no automóbil e demais medios de transporte, respectando as normas de seguridade e convivencia.
- ❖ Recoñecer os edificios públicos e as actividades desenvolvidas neles.
- ❖ Apreciar as profesións das persoas que traballan axudando dende as institucións públicas máis próximas ao neno/a.
- ❖ Asociar correctamente cada sinal estudado coa mensaxe que transmite.

9.2.4. Área de Matemáticas.

- ❖ Identificar as tres formas xeométricas asociadas aos sinais de tráfico.
- ❖ Coñecer os sinais de tráfico atendendo a dous ou máis criterios (cor e forma).
- ❖ Recoñecer e realizar xiros á dereita e á esquerda.
- ❖ Localizar obxectos situados en distintas posicións respecto a unha referencia.

9.2.5. Área de Educación Física.

- ❖ Coñecer normas básicas de comportamento relacionadas coa educación viaria.
- ❖ Simular actuacións axeitadas e inadecuadas no ámbito vial.
- ❖ Diferenciar os sinais máis importantes e a mensaxe que transmiten.
- ❖ Aceptar o rol asignado nas dramatizacións realizadas.

9.2.6. Área de Inglés.

- ❖ Recoñecer e clasificar os distintos medios de locomoción.
- ❖ Saber indicar una dirección o un edificio.
- ❖ Relacionar algunhas profesións co lugar de traballo.

10. CONCLUSIÓNS: LOGROS E INCIDENCIA NO CENTRO EDUCATIVO

Na realización deste proxecto mobilizouse, dunha maneira ou doutra, a todo o alumnado e a case todo o profesorado do centro.

Respecto ao profesorado, fixéronse as seguintes actividades:

- Asistencia de 6 docentes durante unha fin de semana a unhas xornadas sobre o plan VALORA en Santiago de Compostela, organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tratando entre outras cousas o tema da Educación Vial.
- Asistencia de todo o profesorado do centro a unha actividade de formación sobre primeiros auxilios e prevención de accidentes no propio colexio durante unha semana, impartida pola Cruz Vermella.
- Elaboración de sinais en cartón e madeira, por cursos, co fin de informar ao alumnado do seu significado en comparación cos sinais reais. Explicación da mensaxe que transmiten a todo o alumnado do centro escolar e colocación das mesmas nos lugares onde se precisan.
- Realización dunha maqueta por parte de case todo o profesorado e alumnado do colexio. Na maqueta aparecían os arredores do centro escolar a escala. Cada ciclo representou nela os aspectos que traballaban (comportamento no autobús, no coche particular, como peón e na bicicleta).

11. MATERIAIS E/OU RECURSOS ELABORADOS